

MESA SECTORIAL

12/11/2024

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta referida unha vez feitas as aportacións polas organizacións sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE TRASLADOS DE ORIENTACIÓN DE PRIMARIA.

A Administración informa de que hai incorporacións ao Anexo das vacantes por xubilacións e outras circunstancias que non estaban previstas no momento de envío do borrador. Incorpóranse o CRA de Dodro, o CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, o CRA de Rianxo, o CRA Antía Cal de Gondomar e o CEIP A Sangriña. Ademais hai dous intercambios de centros base con centros compartidos.

Comezando con isto desde ANPE demandamos unha praza na Pontenova e que debería poñerse un segundo orientador no CEIP de Prácticas de Ourense.

Comezamos solicitando información concreta sobre a convocatoria do concurso de adultos (desde ANPE entendemos que habería vacantes suficientes para convocalo). **A Administración aclara que non haberá concurso de Adultos.**

ANPE Galicia denuncia novamente que se perde a oportunidade de abordar dun xeito serio, detallado e consensuado na Mesa Sectorial ou nas Xuntas de Persoal das Delegacións Territoriais unha Rede de Orientación Educativa en Galicia.

A Administración educativa debe apostar firmemente pola atención ás necesidades específicas do alumnado e pola atención á diversidade e iso pasa por deseñar unha boa rede de orientación. Vemos como se nos presenta un Anexo III, que segundo a propia Orde ten un carácter provisorio xa que esta indica (na súa base segunda) que son os centros que “previsiblemente” compartirán orientador/a. As organizacións sindicais descoñecemos cales son os criterios empregados pola Consellería para establecer que centros comparten orientador/a e con que centros o fan.

En relación co texto da Orde, que é idéntico ao doutros anos, consideramos que ao tratarse dun concurso específico, debería eliminarse o requisito de que teñan que transcorrer dous anos desde o último destino definitivo e permitir a participación de todo o profesorado. Hai dous cursos a Administración comprometeuse a facer un estudo da viabilidade xurídica desta proposta e non temos ningunha resposta ao respecto. **A Administración manterá o requisito de que teñen que ter transcorridos dous anos desde o último destino definitivo para poder concursar.**

Solicitamos tamén que se recolla explicitamente no texto da Orde que se fará público o remate da baremación dos aspirantes para que poidan saber claramente cando poderán comezar a facer as reclamacións previas á resolución provisional.

Demandamos que se amplíe o prazo de participación a 20 días hábiles.



MESA SECTORIAL

12/11/2024

En relación ao baremo solicitamos que se elimine do mesmo o apartado 6.4 de valoración de cargos na administración, que desde ANPE Galicia consideramos meritocracia e que hai dous cursos fora retirado do baremo e este ano, igual que o anterior, volve a ser incorporado. Así mesmo solicitamos valoración para os responsables dos centros de menos de 3 unidades.

No apartado 4.3 demandamos que se puntúen todo tipo de coordinacións. **A Administración revisará se queda algunha coordinación sen incluír.**

Non ten sentido valorar no baremo a pertenza a corpos de Catedráticos nun concurso específico do corpo de mestres xa que ningún participante pode ter puntuación nese apartado.

Seguimos mantendo as nosas dúbidas de que a puntuación por centros de difícil desempeño se perda. Hai xa sentenzas en distintas comunidades que indican que esa puntuación hai que outorgala aínda que non se participe desde un centro de difícil desempeño.

En calquera caso deberían incluírse aspectos específicos do Concurso que estamos tratando no baremo. **A Administración non modificará nada do baremo excepto a revisión que poida facer do apartado 4.3**

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandar que se axilice o cobro de trienios e sexenios pois acumula moito retraso. **Hai prevista unha reunión entre hoxe e mañá para axilizar o tema.**
- Denunciar o retraso do pago a membros que actuaron nos últimos procesos selectivos. **Pagarán dentro deste ano fiscal.**

- Demandar que se aborde a actualización da Orde de Licenzas e permisos. **A Administración abordará este tema este curso.**
- Informar de que temos recurrida xudicialmente a Resolución de convocatoria de procesos selectivo para cubrir postos de inspección con carácter accidental. Recaltar que ANPE considera que non é legal e quere facer constar en acta que xa manifestou as súas dúbidas legais polas implicacións que poida ter.
- Demandar o cobro dos meses de verán para o profesorado substituto que traballe máis de 5,5 meses.
- Demandar negociar unha orde de formación en CDD clara e que recopile toda a información precisa de xeito claro. **Están traballando nun borrador dunha nova orde de formación que será trasladado cando este avanzado o mesmo.**
- Demandar a convocatoria do Comité Intercentros de Saúde Laboral.
- Demandar información sobre as especialidades que se convocarán en proceso selectivo e que haxa unha negociación real das mesmas. **Aínda non hai ningunha previsión.**
- Demandar a apertura de listaxes de substitucións de especialidades que están a piques de esgotarse ou xa se esgotaron. **A Administración está traballando en listaxes de complicada cobertura.**

